

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 28 DE XANEIRO DE 2019.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteito de xaneiro de dous mil dezanove; as dez horas e corenta e oito minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro , Don Javier Iglesias Sendín.

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vintedous de xaneiro do dous mil dezanove (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

ACOMETIDA DE AUGA PARA USO INDUSTRIAL

1.- Visto o escrito presentado por DISTRIGONFA SL solicitando acometida de auga en Carretera a Carballiño San Cristovo parcela 14 , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 14-1-2019 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

AUTORIZACION POSTO VENTA AMBULANTE.-

-Escrito de dona Concepción Rodríguez Rodríguez no que expón:

“ Que está cursando solicitude para poder exercer venda ambulante en el concello de Ribadavia , con los siguientes vehículos: Volkswagen Caddy 2.0 (6962 FKX) , Mercedes Benz vito (1547 HNS) .

Que de manera habitual seré yo en persona la que irá a vender, pero de manera casual , por motivos personales o de salud, irá mi marido (que también es autónomo) a realizar la venta con uno de los vehículos mencionados : Benito Suárez Grande 3499*****)

E solicita:

“ Que dejen constancia en la autorización de venda ambulante que mi marido podrá suplirme en los días que sea necesario”

A xunta de goberno local acorda:

Visto o escrito de **Dona Concepción Rodríguez Rodríguez**, con rexistro de entrada no concello 432 de 25 de xaneiro de 2019, no que se solicita licenza de venda ambulante, esta Alcaldía, vista a documentación presentada, e de acordo co Ordenanza sobre venda Ambulante do Concello de Ribadavia, acorda concede-la licencia para venda ambulante de produtos alimenticios ; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 300 euros, en concepto de taxa, de acordo coa Ordenanza Reguladora da taxa por postos, barracas, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situadas no terros de uso público e industrias nas rúas e ambulantes e rodaxe cinematográfico, sen o cal requisito esta licencia ficará nula e sen efecto. Deberá axustarse en todo caso, a Ordenanza fiscal reguladora da venda ambulante do Concello de Ribadavia, publicada no BOP núm. 272 de data 25.11.2008. Autorízase que a venda sexa realizada tamén por don Benito Suárez Grande.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A xunta de goberno local toma coñecemento dos seguintes:

-Comunicación de resolución da Confederación Hidrográfica Miño Sil no expediente de autorización para instalación de césped artificial no campo de fútbol de O Xestal, incluída a instalación de redes de servizos, equipamento deportivo e barandilla perimetral , na zona de policía da marxe dereita do río Avia, no termo municipal de Ribadavia.

-Escrito da Sociedade Galega de Medio Ambiente comunicando que a Lei 3/2018 de medidas fiscais e administrativas posibilita a solicitude de bonificacións a Sociedade Galega de Medio Ambiente no canon unitario de tratamento de residuos urbanos.

-Escrito do director do IES O Ribeiro achegando a relación de cantidades que ten pendentes de aboar o concello a dito centro , correspondentes ás cotas de participación nos gastos ocasionados polo pavillón de deportes de uso compartido co concello e co CPI Tomas de Lemos.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“Vistas as Bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos e mancomunidades de municipios para a organización de actividades físico-deportivas 2019, aprobadas pola Xunta de Goberno da Deputación con data 14 de decembro de 2018 e publicadas no B.O.P. nº 2, de 3 de xaneiro de 2019.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollese as devanditas Bases solicitando a correspondente subvención, prestando a aprobación o proxecto denominado:

“VI Carreira popular de Ribadavia”.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas referidas Bases”.

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“Vistas as Bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos e mancomunidades de municipios para a organización de actividades físico-deportivas 2019, aprobadas pola Xunta de Goberno da Deputación con data 14 de decembro de 2018 e publicadas no B.O.P. nº 2, de 3 de xaneiro de 2019.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollese as devanditas Bases solicitando a correspondente subvención, prestando a aprobación o proxecto denominado:

“Programa infantil (escolas deportivas)”.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas referidas Bases”.

SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-

“Vistas as Bases reguladoras para a concesión de subvencións a concellos e mancomunidades de municipios para a organización de actividades físico-deportivas 2019, aprobadas pola Xunta de Goberno da Deputación con data 14 de decembro de 2018 e publicadas no B.O.P. nº 2, de 3 de xaneiro de 2019.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollese as devanditas Bases solicitando a correspondente subvención, prestando a aprobación o proxecto denominado:

“Programa actividades físico-deportivas programa de adultos”

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas referidas Bases”.

PETICION DE SUBVENCIONS.-

Orde do 21 de decembro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a creación ou mellora de infraestructuras nos concellos de Galicia con poboación inferior a 50.000 habitantes para o ano 2019.

Vista a Orde do 21 de decembro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a creación ou mellora de infraestructuras nos concellos de Galicia con poboación inferior a 50.000 habitantes para o ano 2019, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

UNICO.- Acollerse a devandita Orde solicitando a correspondente subvención, prestando aprobación o proxecto denominado “Mellora de Pavimentación na rúa Norte, rúa Corral e tramo de beirarúa na rúa Progreso”, por importe de 100.794,43 euros, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dez horas e cincoenta e cinco minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE